



EXCMO CONCELLO
DA ESTRADA

ACTA

Expediente núm.: PLN/2019/13	Órgano colexiado: O Pleno
--	-------------------------------------

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	1 de agosto de 2019
Duración	Desde as 21:05 ata as 21:50 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON (Alcalde accidental)
Secretaria acctal	MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
524702613	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
524707020	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
524720178	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
410998904	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
4112270574	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
410000001	CARMEN GÓMEZ OTERO	SÍ
410017024	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
4100719200	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
4100724504	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	NON
410000007	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
410000004	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
4100700008	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
4100000040	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSÉ CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 09/09/2019
HASH: 635ac328dccc0d4a8afb6b15c3ae9872

SANDRA MARIA GARCIA CHIENLO (2 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 09/09/2019
HASH: 2254262f8e8eb8675e24bb7d77698c84

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0014 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 3TSTCKG4FLSG6WDCW6YWCZH | Corrección: http://ae.estrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 11



	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, O Sr. **Alcalde accidental**, en calidade de Presidente desta sesión, explica que a orde do día non conta con asuntos incluídos na súa parte resolutive, polo que antes de pasar á parte de Actividade e Control, pregunta se hai algunha moción de urxencia.

A) PARTE RESOLUTIVA

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para presentar, pola vía de urxencia, unha moción rexistrada de entrada este mesmo día en relación aos traballos de reposición de elementos de seguridade viaria nas estrada PO-222 (A Estrada – Campolameiro), motivando a súa urxencia en que ditos traballos de reposición se están a facer pola Xunta de Galicia nestes días, considerando que é agora cando hai que instar a este organismo para que efectúe a reposición e colocación de varios elementos de seguridade.

Sómétese a urxencia a votación, sendo esta aprobada por unanimidade, polo que procede a tratar o seguinte asunto:

FÓRA DA ORDE DO DÍA.- Moción do grupo municipal do Partido Socialista en relación aos traballos de reposición de elementos de seguridade viaria na estrada PO-222 (A Estrada - Campolameiro)

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para explicar a moción, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“A carretera PO222 A Estrada – Campolameiro, de titularidade da Xunta de Galicia, está sendo obxecto de obras de mantemento e reposición en relación á seguridade viaria coa finalidade de mellorar o balizamento lateral.

O delegado da Xunta de Galicia anunciou recentemente o inicio das obras de elevación

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
 Número: 2019-0014 Data: 09/09/2019

 Cod. Validación: 3TSTCKG4FLSG6CWD0CW6YWCZH | Corrección: http://aes Estrada.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 11



e reposición dos distintos pretils de pedra laterais que existen sobre os canais para mellorar o seu rendemento como sistema de contención en caso de accidente.

Esta mesma semana estanse a executar os traballos os traballos de reposición e pode constatarase a supresión de algún dos citados pretils.

Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCION, para que este adopten os seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia a repoñer e elevar todos os pretils existentes sobre os distintos canais, incluso os que se teñen suprimido e cambiado por barreiras metálicas de tipo bionda.

2. Pedir a colocación de tramos de gardarrail de dobre bionda menos lesivo para motoristas e ciclistas, e con proteccions sobre os postes de suxeición para reducir a súa lesividade

3. Dar traslado deste acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade – Axencia galega de infraestruturas e á Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra.”

Toma a palabra o **Sr. Alcalde acctal.**, para mostrar a súa conformidade co fondo da anterior moción, xa que considera que débense tomar todas as medidas posibles para a seguridade dos usuarios, sen embargo propón que, a parte da remisión do acordo á Xunta de Galicia, deberíase falar directamente con órgano encargado da conservación das estradas da Xunta, e así coñecer cal é o proxecto que se está a facer e manifestarlle as nosas peticións, deste xeito axilizaríanse os trámites.

O **Sr. López Bueno** manifesta a súa conformidade co proposta polo Sr. Presidente, pedindo que igualmente se lle dea traslado do acordo que se adopte e así quede constancia da súa recepción pola Xunta de Galicia.

Non habendo máis intervencións sométense o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada polo grupo político municipal do Partido Socialista presentada con data 01/08/2019 (2019-E-RPLN-8) que se transcribe literalmente de seguido:

“ ...

A carretera PO222 A Estrada - Campolameiro, de titularidade da Xunta de Galicia, está sendo obxecto de obras de mantemento e reposición en relación á seguridade viaria coa finalidade de mellorar o balizamento lateral.

O delegado da Xunta de Galicia anunciou recentemente o inicio das obras de elevación e reposición dos distintos pretils de pedra laterais que existen sobre os canais para mellorar o seu rendemento como sistema de contención en caso de accidente.

Esta mesma semana estanse a executar os traballos os traballos de reposición e pode constatarase a supresión de algún dos citados pretils.

Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCION, para que este adopten os seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia a repoñer e elevar todos os pretils existentes sobre os distintos canais, incluso os que se teñen suprimido e cambiado por barreiras metálicas de tipo bionda.

2. Pedir a colocación de tramos de gardarrail de dobre bionda menos lesivo para motoristas e ciclistas, e con proteccions sobre os postes de suxeición para

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0014 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 31STCKG4AF.LSG6CWD0CW6YWCZH | Corrección: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 11



reducir a súa lesividade

3. Dar traslado deste acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade - Axencia galega de infraestruturas e á Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra.”

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia para que na estrada PO-222 (A Estrada - Campolameiro) repoña e eleve todos os peitorís existentes sobre os distintos canais, incluso os que teñen suprimido e cambiado por barreiras metálicas de tipo bionda.

Segundo.- Pedir que no nomeado vial sexan colocados tramos de “garda rail” de dobre bionda menos lesivo para os motoristas e ciclistas, así como con proteccións sobre os postes de suxeición para reducir a súa lesividade.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de infraestruturas e Mobilidade de Pontevedra.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para presentar outra moción de urxencia relativa á necesidade de esixir á Xunta de Galicia o mantemento do ciclo medio de FP de Emerxencias na Estrada, motivando a súa urxencia en que estamos no mes de agosto e o curso comeza no vindeiro mes de setembro.

Sométese a urxencia a votación, sendo esta aprobada por unanimidade, polo que procede a tratar o seguinte asunto:

FÓRA DA ORDE DO DÍA.- Moción do grupo municipal de MOVETE en relación ao mantemento do ciclo medio de FP de Emerxencias na Estrada.

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco**, para presentar a súa moción, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“O 6 de xullo de 2019, logo de rematar o período de inscricións nos ciclos de FP, a Xunta daba a coñecer a eliminación do Ciclo de FP de Emerxencias e Protección Civil na Estrada, que se comezou a impartir en 2015, en conxunto entre o IES Antón Losada Diéguez e a Academia Galega de Seguridade Pública.

As razóns esgrimidas pola Xunta son motivos técnicos e organizativos e alega que é unha situación transitoria.

Esta decisión abrupta supón que haxa alumnado que quede sen a primeira opción escollida para os seus estudos de FP e outro que queda desamparado ao non ter escollido outra opción. En total, estaban inscritas 76 persoas para as 30 prazas ofertadas. Só se manterá o segundo curso do ciclo para que 27 alumnos poidan completar a súa formación.

Esta decisión é contraria á aposta por un sector de Emerxencias profesionalizado, pois mesmo a Xunta incluíu como mérito a posesión deste título de FP nas oposicións a postos

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0014 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 3TSTCKG4NFLSG6CWDQW6YWCZH | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Xestiona esPúblico | Páxina 4 a 11



deste sector, ademais de solicitar aos Concellos que tiveran en conta esta formación e de incluír esta formación como mérito para acceder aos GES.

Ademais, o feito de que se adjudicara unha vacante de docente no centro na especialidade de Procedementos Sanitarios e Asistenciais amosa a improvisación desta decisión de suprimir o ciclo de FP para o cal ten sentido esta praza.

A existencia do ciclo de FP de Emerxencias na Estrada foi motivo de gabanza por parte tanto da Xunta de Galicia como do Alcalde da Estrada, pero estas manifestacións non se corresponden coa decisión de paralizar este ciclo formativo.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a manter o ciclo medio de FP de Emerxencias na Estrada ”

Pide intervir o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar o seu apoio á moción presentada por entender que, habendo demandas e matrículas xa feitas para es ciclo, calquera merma da oferta educativa que poida haber na Estrada repercutirá negativamente no noso concello.

Toma a palabra a voceira do grupo mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para manifestar que votará a favor da nomeada moción, lembrando que o seu grupo xa se manifestara publicamente en contra da supresión deste ciclo de Emerxencias, o cal non está xustificado, nin tampouco o grupo de goberno pediu explicación do motivo que orixinou esta decisión.

Intervén o **Sr. Alcalde accidental** para aclarar que non é certo que dende o Concello non se pedira explicacións sobre o motivo da supresión do nomeado ciclo, porque si se pediron.

Aclara que deberíase engadir un punto máis á parte resolutiva que recolla o dar traslado do acordo á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada polo grupo político municipal de MÓVETE presentada con data 01/08/2019 (2019-E-RPLN-7) que se transcribe literalmente de seguido:

“ ...

O 6 de xullo de 2019, logo de rematar o período de inscricións nos ciclos de FP, a Xunta daba a coñecer a eliminación do Ciclo de FP de Emerxencias e Protección Civil na Estrada, que se comezou a impartir en 2015, en conxunto entre o IES Antón Losada Diéguez e a Academia Galega de Seguridade Pública.

As razóns esgrimidas pola Xunta son motivos técnicos e organizativos e alega que é unha situación transitoria.

Esta decisión abrupta supón que haxa alumnado que quede sen a primeira opción escollida para os seus estudos de FP e outro que queda desamparado ao non ter escollido outra opción. En total, estaban inscritas 76 persoas para as 30 prazas ofertadas. Só se manterá o segundo curso do ciclo para que 27 alumnos poidan completar a súa formación.

Esta decisión é contraria á aposta por un sector de Emerxencias profesionalizado, pois mesmo a Xunta incluíu como mérito a posesión deste título

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0014 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 3TSTCKG4FLSG6CWDQW6YWCZH | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Aeslona estPublico | Páxina 5 de 11



de FP nas oposicións a postos deste sector, ademais de solicitar aos Concellos que tiveran en conta esta formación e de incluír esta formación como mérito para acceder aos GES.

Ademais, o feito de que se adxudicara unha vacante de docente no centro na especialidade de Procedementos Sanitarios e Asistenciais amosa a improvisación desta decisión de suprimir o ciclo de FP para o cal ten sentido esta praza.

A existencia do ciclo de FP de Emerxencias na Estrada foi motivo de gabanza por parte tanto da Xunta de Galicia como do Alcalde da Estrada, pero estas manifestacións non se corresponden coa decisión de paralizar este ciclo formativo.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a manter o ciclo medio de FP de Emerxencias na Estrada "

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia para manter o ciclo medio de FP de Emerxencias na Estrada.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 6 DE XULLO DE 2019

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 6 de xullo de 2019, comprendendo dende o número 2019-0722 ao número 2019-0767 (ambos os dous incluídos).

A corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 8 E O 15 DE XULLO DE 2019

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 8 e o 15 de xullo de 2019, comprendendo dende o número 2019-0768 ao número 2019-0806 (ambos os dous incluídos).

A corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0014 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 3TSTCKG4AF1SG6FWDCW6YWCZH | Corrección: <http://sestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona es-Pública | Páxina 6 a 11



Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar os seguintes rogos e preguntas:

- Pide que se complete a limpeza dos viais en Vinseiro, xa que hai media parroquia rozada e a outra media non, tales como Vis de Correa e Vis de Baixetes. Solicita tamén que se lle dea unha explicación sobre as razóns desta actuación (aporta fotos).
- Pide que se fagan reparacións e mantementos das rutas de grupos escolares, provelas de sinalizacións viais así como a situación das paradas de autobús.
- Traslada a solicitude de que se repoña un espello roto no cruce do Polígono de Toedo con San Xiao de Veá (ambos viais de titularidade municipal).
- Traslada a queixa dun veciño de San Miguel de Castro, lugar de A Cova, porque o acceso á súa vivenda, que é de titularidade municipal, está invadida polas vides e demais maleza provenientes dunha finca colindante, cuxa propietaria non accede a efectuar á súa limpeza; polo anterior pide que o propio Concello tome as medidas para solucionar este problema.
- Pide que se lle dea solución a unha queixa dos veciños de Codeseda sobre a existencia dun cruce con escasa visibilidade por mor da maleza existente, preto da Escola Infantil de Codeseda, considerando conveniente que se proceda ao seo roce.
- Pide que sexa colocado un cartel indicador sobre a ubicación da Biblioteca pública municipal.
- Tamén di que non hai unha Ordenanza reguladora en relación coa Biblioteca pública municipal, polo menos non está publicada na páxina web. Tampouco existe un/unha profesional en materia de Bibliotecas, tan só dúas administrativas, polo que aconselle ao grupo de goberno que revisen as axudas da Deputación en materia de persoal.
- En relación á zona de aparcamento existente no lado de arriba da zona dos viños (frente á Praza do Mercado), pregunta se se pensa acondicionar á parte inferior desa zona, a cal está sen peche e en mal estado.
- Pregunta que se vai a facer coa pérgola, pivote da “volta” e pantalla de información que había na praza do Concello, aconsellando que se volvan a instalar, sobre todo a pantalla de información.
- Pregunta o por que os cativos dos campamentos no rural van ao Xirimbao e os do campamentos urbanos van ao Acuapark de Cerceda, non sabe se isto estaba previsto nos correspondentes Pregos ou se non son iguais os cativos do rural e os do casco urbano.
- Dirixíndose á concelleira Amalia Goldar, pregunta o que ten pensado facer cos cincocentos euros que lle da a Xunta de Galicia para sufragar os gastos do Servizo de Atención Temperá, e que clase de proxecto presentou A Estrada para que tan só reciba esta cantidade, a diferenza do Concello de Tomiño que recibe quince mil euros, o que lle parece un ridículo terrible.
- En relación ao Rallie Botafumeiro, di que se lle trasladou a preocupación dos veciños sobre o paso deste Rallie polo noso concello e, a día de hoxe, non sabe se o grupo de goberno era coñecedor de que pasaría polas parroquias de Frades, Santo André de Veá, San Xurxo de Veá e Couso; di que os veciños recibiron cartas da organización onde se lles dicía que contaban con todos os permisos pertinentes, pero haberá aldeas en que quedarán totalmente incomunicadas co correspondente prexuízo para os seus habitantes. Polo dito, pide que o grupo de goberno actúe ao respecto para desviar a ruta do nomeado rallie das mencionadas aldeas e así evitar o peche das mesmas, así como evitar o paso do mesmo preto dun cemiterio e dunha igrexa románica do século XII sitos na parroquia de Frades, xa que pode ser

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0014 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 3TSTCKG4FLSG6CWDCW6YWCZH | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esp'ublico | Páxina 7 a 11



unha catástrofe para o noso patrimonio histórico.

- Solicita que se actualicen os horarios da Estradense na páxina web municipal, xa que os que están reflexados son do ano 2018.
- Pide tamén se que sexa actualizada a páxina web de Turismo deste Concello, xa que non está recollido o Camiño dos Arrieiros.

Intervén o **Sr. Alcalde acttal.**, Presidente desta sesión, para dar contestación ás preguntas da anterior intervención. Así, con respecto á necesidade de desbroce de camiños en Vinseiro, di que é coñecedor da necesidade de limpar os viais de Vis de Baixetes e Vis de Correa, así como doutros camiños, habendo dado as instrucións pertinentes para que se proceda a executar eses traballos de desbroce.

No que respecta ás sinalizacións das paradas de autobús escolar e centros escolares, vai a iniciar os trámites en aras de elaborar un plan de sinalización, non só dos centros escolares, senón tamén das escolas unitarias.

En canto á solicitude de reposición do espello roto sito no Polígono de Toedo, di que se procederá canto antes á súa reposición.

Polo que respecta á maleza que invade un camiño en A Cova – San Miguel de Castro, informa que, ao ser unha propiedade privada, é necesario abrir un expediente, xa que non se pode entrar na mesma sen máis.

Sobre a necesidade de contratar un profesional en materia de Bibliotecas, aclara que a traballadora que actualmente está nese servizo non é administrativa, senón que é bibliotecaria.

No relativo á zona de aparcamento sito fronte á Praza do Mercado, di que se tomarán as medidas de seguridade oportunas.

Con respecto á pérgola, panel informativo e demais elementos retirados da praza do Concello, comunica que se está a buscar a ubicación oportuna para as súas reposicións.

Neste momento, e aos efectos de dar contestación ás preguntas formuladas sobre á area de servizos sociais, toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, quen responde, en relación aos Campamentos de verán, que o programa “Concilia Rural” deriva da solicitude duns pais que o viñan organizando anos atrás en Arnois e que querían a colaboración do Concello, por iso, este ano é unha experiencia piloto estendendo o campo de actuación a todos os colexios do noso rural e intentando que os rapaces participantes quedasen no seu entorno; informa, así mesmo, que este Campamento foi todo un éxito, aclarando que o procedemento utilizado para a súa contratación foi un contrato menor mediante a invitación a tres empresas especializadas no sector, e a empresa gañadora presentaba un proxecto que incluía saídas ao entorno máis emblemático segundo á zona onde se desenvolvese o Campamento, polo que as actividades fixéronse en Xirimbao, Pazo de Oca, etc. O resultado do “Concilia Rural” foi óptimo e seguirase celebrando nos vindeiros anos coas melloras pertinentes.

Polo que se refire ao Campamento Deportivo e de que foran a Cerceda, di que ela non leva esa actividade, sen embargo esta actividade celébrase dende fai moitos anos e nada ten que ver cos Campamentos no Rural, é dicir, trátanse de proxectos totalmente distintos e, polo tanto, non existe ningún tipo de discriminación dos nenos segundo a súa procedencia.

Dando contestación á pregunta sobre a cantidade recibida en concepto de subvención para o Servizo de Atención Temperá, recoñece que houbo un erro á hora de solicitar a subvención, xa que en lugar de pedir as horas semanais, solicitaróñse as horas totais para o cómputo entre setembro e decembro, pero non lle preocupa xa que se conta con dez mil euros para a prestación deste servizo ata decembro e despois seguir en febreiro, sinal da boa xestión deste grupo de goberno, ofrecéndolle ao Sr. López Bueno a posibilidade de consultar o expediente.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0014 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 3T1STCKG4AFLSGGWCOCW6YWCZH | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 11



O **Sr. Alcalde acctal**, di que se porá en contacto co persoal informático para que efectúen as actualizacións das páxinas web municipais.

Por último, en relación co Rallie Botafumeiro, informa que se está a tramitar o correspondente expediente.

Interrompe o **Sr. López Bueno** para dirixirse á Concelleira Amalia Goldar co fin de aclarar que o único que lle preguntaba era porque os nenos dos Campamentos no Rural realizaban actividades distintas aos dos Campamentos Urbanos, porque considera que se podería contratar un autobús para que foran todos xuntos. Por outra banda, no que respecta ao Servizo de Atención Temperá, di que o financiaba a Xunta, pero por culpa dun erro, agora o ten que pagar todos os estradenses, polo que o problema é a mala xestión do grupo de goberno o cal se considera un fenómeno, non valendo a pena explicar o que está a pensar porque non o van a entender.

Neste momento o **Sr. Alcalde accidental** pide ao Sr. López Bueno que nas súas intervencións non incorra en faltas de respecto, porque este grupo de goberno non se considera “un fenómeno” e entende o que se lle explica.

O **Sr. López Bueno** di que hai unha medida para medir a competencia ou a incompetencia, entón hai os incompetentes inconscientes e os competentes conscientes, estando os do grupo de goberno no primeiro estadio, xa que pensan que fan todo xenial pero non se dan conta de que non é así, porque a Xunta de Goberno danos unha subvención de 500 euros por un erro e nós poñemos os 9.500 euros restantes, cando a Xunta podería aportar un 80 ou 70 por cento, explicación que considera curiosa que se debería dar a todos os estradenses para ver que opinan eles.

Volvendo ao tema do Rallie do Botafumeiro, pregunta se hai ou non autorización.

O **Sr. Alcalde acctal** lle contesta que está en trámite e se lle informará como está o expediente proximamente, o cal o entenderá o Sr. López porque se lle vai a explicar moi ben.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco**, quen comeza dicindo que é difícil pedirle aos propietarios das parcelas que as limpen cando a administración local non da exemplo, xa que eran sabedores en tempo que había que limpar as pistas de titularidade municipal ao abeiro da Lei de Incendios, sendo tamén obriga deste Concello requirirille aos veciños para que limpen os seus terreos.

- o Lembra que fai un ano o seu grupo trouxo ao Pleno o caso da casa abandona sita ao final da Avda de Vigo e que causa preocupación aos veciños pola cantidade de maleza que a cubre e invade todo o terreo, co conseguinte problema da existencia de reptiles e demais alimañas que alí se crían, pero o Concello a día de hoxe non actuara ao respecto, polo que pide que se tomen as medidas oportunas. Sen embargo, este non é o único caso, xa que tamén hai outros casos similares, tal como o Colexio Cristo Rey, a zona da Estación de Autobuses, o entorno da Academia de Policía, o campo de fútbol da parroquia de Lomil, etc, polo que considera que a administración local debería de proceder á limpeza destas zonas de titularidade municipal e dar exemplo aos nosos veciños.
- o Prega que se arranxe a rúa 25 de Xullo, a cal está nun estado lamentable.
- o Pregunta cando se van a colocar os xogos infantís na Alameda e se segue en prazo para a súa execución, xa que a empresa adxudicataria tiña un prazo de dous meses para a súa colocación.
- o Pregunta se hai unha planificación do que vai a ser a limpeza e mantemento da zona formigonada da Praza do Concello e da fonte sita nos novos xardíns, e tamén

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0014 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 3TSTCKG4AF1LS6CWD0CWB6YWC2H | Corrección: <http://ae.estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esp-Ubico | Páxina 9 a 11



quere saber o custo que suporá destes servizos.

O **Sr. Alcalde accidental** responde, con respecto aos desbroces das fincas de titularidade municipal, que se están levando a cabo dende o mes de maio ao abeiro dunha programación e planificación previa.

No que se refire á entrada en propiedades privadas, lémbrale que tan só se pode facer por vía xudicial, aínda que se están facendo ao redor de sete requirimento diarios dirixidos a particulares para que procedan á limpeza das súas fincas, previa á apertura do expediente correspondente e levando o seguimento que procede. Aclara, así mesmo, que o campo de fútbol de Loimil non é municipal, senón dos veciños, estando este Concello en contacto con eles para ofrecerlles a axuda oportuna e así proceder á súa limpeza.

Infórmalle tamén que hoxe se está a formigonar a zona onde se van a colocar os xogos infantís, coa previsión de que en menos de quince días estarán instalados os xogos para os nenos de 0 – 6 anos e, posteriormente, iniciaranse os traballos para a instalación da zona de 6 – 12 anos, estando planificado que no mes de agosto estea todo rematado.

Respecto ao mantemento e limpeza da zona formigonada da Praza do Concello e paseos dos xardíns, estase a traballar na planificación para manter todo en bo estado, prometendo que se lles informará sobre estas actuacións.

Intervén o concelleiro do grupo municipal de MOVETE, **D. Iván Sanmartín**, para preguntar como están as obras de abastecemento de auga de Codeseda e se hai algún tipo de cronograma e así saber cando finalizarán.

Contesta o **Sr. Alcalde acctal** que está a rematar o proceso de contratación e unha vez efectuada esta a obra non levará moito tempo, xa que esta farase en dúas fases, a primeira sería a captación de augas e, a segunda, a instalación de novos depósitos; en canto a data aproximada de finalización destas obras, non se atreve dala, pero será o máis pronto posible.

Intervén un/unha concelleiro/a, pero non se pode especificar quen nin a súa intervención por non apreciarse no audio, xa que non se activou o micrófono.

O **Sr. Alcalde acctal** di que son contratos menores e están a rematar os pregos tanto técnicos como administrativos.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, quen traslada dous rogos:

- Traslada as queixas de veciños da rúa Gradín por mor de que aínda segue colocado o cableado do alumado das festas patronais así como as bridas tiradas pola rúa, polo que prega que se efectúe a súa retirada.
- Comunica as reclamacións veciñais para que se asfalten varios camiños de titularidade municipal, os cales son o camiño que vai dende Santo André de Veá a Requián e que pasa por Frades; as pistas que van aos lugares habitados de Barbude e que están nun estado moi lamentable; un camiño en concreto que vai a unhas casas no lugar de A Torre da parroquia de Guimarei (solicitud feita xa nunha anterior sesión plenaria e da cal ensina unha foto), pista que está intransitable.
- Continúa dicindo que, como a nosas infraestruturas son limitadas, prégalle ao grupo de goberno que teñan infraestruturas reais, que as utilicen, porque, a fin de contas, son públicas e destinadas a vías públicas de titularidade municipal, non sabendo o que ten que dicir ao respecto o goberno municipal.

Contesta o **Sr. Alcalde acctal** que se lle instará a empresa responsable para que procedan

Concello da Estrada

Praza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0014 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 3TSTCKG4AF1SG6CWDQW6YWCZH | Corrección: <http://sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Aesóna eS'Público | Páxina 10 a 11



á retirada do cableado das luces sitas na rúa Gradín. No relativo aos asfaltados, lle informa que se están facendo os traballos pouco a pouco dentro dunha actuación programada, de feito en Barbude fixéronse traballos fai uns días; en canto á da Torre e á de Requián están incluídas nun plan pendente de adjudicar, pero ten que lembrar que estamos a falar de moitos quilómetros de viais que ten o noso concello.

A **Sra. Camba** di que comprende que son moitos quilómetros de viais para asfaltar, pero débese priorizar, procedendo a arranxar primeiro os máis necesitados e que dan servizo a casas, porque a de Guimarei está nun estado impresentable e os veciños están cansos de queixarse sen que se lles solucione este problema, incluso despois de que o BNG o reclamase nun anterior Pleno e no que lle contestaron que non tiñan constancia, cando é unha solicitude continuamente reiterada.

O **Sr. Alcalde acttal** lle di que o grupo de goberno é consciente desta situación, así como doutros camiños que se atopan no mesmo estado, sendo tamén conscientes das limitacións que se teñen e dos medios que se necesitan para acometer estas obras.

Pide a palabra o concelleiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis Rendo Araujo**, para informar que o rego da herba dos xardíns sae fóra do recinto de céspede, polo que deberíase rederixir os aspersores.

O **Sr. Alcalde acttal** di que está claro que o rego está para o céspede, pero non se poden colocar cámaras en cada un dos aspersores para controlar que a xente os estean manipulando, pero é un traballo diario que se está a facer, pero polas noites non hai ningún operario para controlar e rederixir o rego.

Non habendo máis intervencións polos concelleiros presentes, o Sr. Alcalde acttal pregunta ao público presente se queren intervir, en cumprimento do establecido no Regulamento de Participación Cidadá, e non habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e unha horas cincuenta minutos da data do seu comezo.


DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0014 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 3TSTCKGAAF LSGRCYWDGWEYWCZH | Corrección: http://estrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11